

ANEXO

<u>Nome e apelidos</u>	<u>Procedencia</u>	<u>Estadía</u>
Alonso Valero, M ^a Encarnación	Almería	1-6 a 31-12-2007
Boguszewicz, María	Polonia	17-9 a 16-12-2007
Dumitrescu, Mónica Iuliana	Romanía	1-6 a 31-12-2007
Kováčová-Momán, Vlasta	Eslovenia	9-7 a 8-10-2007
Scarlat, Carmen Aline	Romanía	11-9 a 10-12-2007
Stankiewicz, Joanna	Polonia	1-8 a 31-12-2007
Calzadilla Capote, Indira	Cuba	1-7 a 31-12-2007
De Andrade Silva, Gilgleide	Brasil	1-6 a 31-12-2007
Dietrich, Susanne	Alemaña	1-7 a 30-9-2007
Rodrigues Palanca, M. Conceçao	Brasil	1-6 a 30-11-2007

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Corrección de erros.-Orde do 26 de marzo de 2007 pola que se establecen as bases e se convocan axudas para financiar o mantemento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e pais de alumnos/as de centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o período xaneiro-xuño de 2007.

Na páxina 6.008, artigo 11.1º onde di: «A rendición de conta xustificativa enviarase antes do 26 de xuño de 2007 á Subdirección Xeral de Xestión Orzamentaria e de Recursos Educativos Complementarios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; edificio administrativo San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela»; debe dicir: «A rendición da conta xustificativa enviarase antes do 26 de xullo de 2007 á Subdirección Xeral de Xestión Orzamentaria e de Recursos Educativos Complementarios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; edificio administrativo San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela».

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Corrección de erros.-Orde do 4 de maio de 2007 pola que se convocan bolsas de prácticas para estudantes e recentemente titulados en ensinanzas de formación profesional da familia agraria e áreas relacionadas.

Advertido erro na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 89, do 9 de maio de 2007, cómpre efectuar a oportuna corrección:

Na páxina 7.476, no artigo 4º, onde di: «As bolsas reguladas por esta orde poderán ser solicitadas por alumnos que durante este curso 2006-2007 estean realizando ensinanzas profesionais dos ciclos medio ou superior nalgún dos centros de formación e experimentación agroforestal da Consellería do Medio Rural, ou en calquera outro dos que figuran como autorizados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na súa oferta educativa das familias agraria, industrias alimentarias e química.», debe dicir: «As bolsas reguladas por esta orde poderán ser solicitadas por alumnos que durante este curso 2006-2007 estean realizando ensinanzas profesionais dos ciclos medio ou superior nalgún dos centros de formación e experimentación agroforestal da Consellería do Medio Rural, ou en calquera outro dos que figuran como autorizados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na súa oferta educativa das familias agraria e industrias alimentarias».

-No artigo 5º, onde di: «Tipo A: 17 bolsas, para a realización de prácticas de tres meses como mínimo, no período de xullo a decembro, para alumnos que conclúan os seus estudos no curso 2006/2007 ...», debe dicir: «Tipo A: 17 bolsas, para a realización de prácticas de tres meses como mínimo, no período de xullo a decembro, para alumnos que teñan concluídos os seus estudos no curso 2006/2007 ...».

-Na páxina 7477, no artigo 12º.5, onde di: «...Esta lista provisional exporase a partir do 10 de maio no taboleiro de anuncios da Consellería do Medio Rural...»; debe dicir: «...Esta lista provisional exporase a partir do 15 de xuño no taboleiro de anuncios da Consellería do Medio Rural...».

Corrección de erros.-Orde do 7 de maio de 2007 pola que se convocan bolsas de prácticas para os recentemente titulados en especialidades agrarias, forestais, veterinaria e tecnoloxía dos alimentos.

Advertidos erros na Orde do 7 de maio de 2007, publicada no DOG nº 92, do luns 14 de maio de 2007, cómpre realizar as seguintes correccións: